

ACORDOS
SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
DO DIA 23 DE XULLO DE 2015

Na casa consistorial de Tordoia sendo as trece horas e vinte minutos, do día vinte e tres de xullo de dous mil quince, reúnese a Xunta de Goberno Local deste concello en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Antonio Pereiro Liñares

Concelleiros:

D^a Inés Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

D. José Manuel Cancela Cancela

Secretario:

D. Alfonso García Ferreira

ORDE DO DIA

1. LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE DAS SESIÓNS ANTERIORES.-
2. APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA SOBREANCHOS CAMIÑO DA Balsa· ABOI E OUTROS.-
3. CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS PARA COMPRA DE DESBROZADORAS.-
4. ESCRITO DA DIRECTORA DO COLEXIO PECALAMA SOBRE DEFICIENCIAS NO CENTRO.-
5. PADRÓN MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA E REDE DE SUMIDOIROS SEGUNDO TRIMESTRE 2015 .-
6. FACTURA.-
7. ROGOS E PREGUNTAS.-

1. LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE DAS SESIÓNS ANTERIORES.-

Acordos adoptados:

- 1.Aprobación das actas das sesións anteriores.

2. APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA SOBREANCHOS CAMIÑO DA Balsa· ABOI E OUTROS.-

Acordos adoptados:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, para a obra consistentes en:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto	Partida orzamentaria
Sobreanchos camiño da Balsa-	129.306,63€	32.326,66€	161.633,29€	1532.619.00

Aboi e outros				
---------------	--	--	--	--

SEGUNDO. Autorizar, pola contías indicadas en euros, o gasto que para este concello representa a devandita contratación, con cargo ás partidas sinaladas do estado de gastos do orzamento municipal deste concello para o exercicio 2015.

TERCEIRO. Incluír o prego de cláusulas administrativas particulares tipo da Deputación Provincial da Coruña que rexerán o contrato, por procedemento negociado sen publicidade, segundo indicado na circular do organismo provincial para a adxudicación destes contratos, publicados no BOP nº 103 do 01/06/2014 e anexo V de adaptación á lexislación vixente dende a indicada data.

CUARTO. Solicitar ofertas as seguintes empresas

- Obras y Viales de Galicia, S.L.,
- Alcomte Galicia, S. L.
- Únika Proyectos y Obras, S.A.

3. CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS PARA COMPRA DE DESBROZADORAS.-

Acordos adoptados:

PRIMEIRO. Clasificar as proposicións presentadas polos candidatos de conformidade coa puntuación obtida no mesmo.

SEGUNDO. Notificarlle e requirirlle aos licitadores que presentaron as ofertas máis vantaxosas e por tanto con maior puntuación, para que presente no prazo de dez días contados desde o seguinte a aquel en que reciba o requirimento a documentación xustificativa de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou que autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso, de dispoñer efectivamente dos medios que se compromete a dedicar ou adscribir á execución do contrato, de acordo co artigo 64.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.

TERCEIRO. Despois de realizar os trámites anteriores, que Secretaría emita un informe e que se informe para que se poida resolver ao respecto a Alcaldía.

4. ESCRITO DA DIRECTORA DO COLEXIO PECALAMA SOBRE DEFICIENCIAS NO CENTRO.-

Acordos adoptados:

1.Someter a estudo económico as deficiencias que supoñen un elevado custo para as arcas municipais e acometer os arranxos da petición formulada sobre ventás e o arereiro que se usa para educación infantil.

5. PADRÓN MUNICIPAL DE ABASTECIMIENTO DE AUGA E REDE DE SUMIDOIROS SEGUNDO TRIMESTRE 2015 .-

Acordos adoptados:

1.Prestarlle a súa aprobación e que se faga a exposición pública do mesmo a través do tablón de edictos e publicación no Boletín Oficial da Provincia.

6. FACTURA.-

7. ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formulan

Non habendo máis asuntos de que tratar, Pola Presidencia se levanta a sesión.